



## Non ao racismo, tamén nas linguas

Fina Casalderrey<sup>1</sup>

España/Galicia

Quero comezar mostrando a miña gratitude a todas as persoas que dalgún xeito contribuíron a que, nestes días, dende Compostela se sinta no resto do mundo o eco das minorías.

### *A forzas das minorías...*

Unha soa muller foi a semente que fixo prender toda esta magnífica árbore do pan que admite múltiples variedades, de raíces extensas, de nutritivos froitos e fácil adaptabilidade –incluso aos nomes que recibe: *Árbore de mazapán* en América Central, *Pan do ano* no leste de Venezuela... Jella Lepman entendeu que as linguas só son os traxes que viste a palabra nos diferentes lugares e situouna nun olimpo común que nos permite a comunicación e o respecto polas diferentes maneiras de a nomear.

Cando comecei a dar os primeiros pasos no mundo da literatura, nada sabía desta muller, xudeo-alemá, que perseguiu a utopía de sumar esforzos por mellorar a calidade dos libros para a infancia e que non dubidou de que os seus plans saírían adiante. Talvez por iso, saíron. Esa foi a súa máis valiosa lección de vida: non permitir que ninguén crebe os nosos mellores soños, eses que nos fan pensar máis grande.

No ano en que a señora Lepman convocara aquel congreso internacional de tres días como alicerce para a fundación do IBBY, no 1951, nacín eu; nun tempo e nun ambiente no que, en Galicia, a maior parte desta minoría lingüística e cultural acalada, nin sequera no máis profundo da súa capacidade onírica imaxinaba que un evento coma este puidese ter lugar algún día.

A ditadura que seguiu á Guerra Civil española do 1936 construíra un teito de pedra que impediu o desenvolvemento de calquera das minorías: lingüística, cultural, crítica, de xénero... desencadeando unha diglosia que moitas e moitos de nós aceptabamos coma unha situación “natural” –a natureza tamén é cruel ás veces. Descoñeciamos a nosa propia pel, viviamos nunha terra da que estabamos ausentes:

---

<sup>1</sup> Escritora e profesora de ensino secundario. Autora dunha amplísima obra, conta con diversos galardóns como o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996.



eramos exiliados dentro do país; mesmo pensabamos que as “ cousas eran así, porque si”, tal como denunciou Celso Emilio Ferreiro no poema *Non*:

(...)  
Si dixese que acaso  
as cousas son eisí,  
porque sí  
(...)  
Pero non.

Por certo, tamén el anhelaba o entendemento entre os pobos, como sinalou naqueloutro fermoso poema que chamou *Irmáus*:

(...)  
Anque as nosas palabras sean distintas,  
e ti negro i eu branco,  
si temos semellantes as feridas,  
coma un irmáu che falo.  
Por enriba de tódalas fronteiras,  
por enriba de muros e valados,  
si os nosos soños son igoales,  
coma un irmáu che falo. (...)

Nós, dende dentro, houbemos de reconstruír as nosas vidas, pois a “resistencia” maioritaria desta nosa minoría, refirome ao pobo galego-falante de a pé, do que me sinto parte, non foi unha resistencia consciente. Eran tempos de bocas secuestradas e desterrados interiores. Por suposto que houbo verdadeiros heroes intencionados que foron rebeldía estremada de soños: todos aqueles que, dende a clandestinidade, continuaron preservando a memoria dun tempo de esplendor para a lingua e a literatura galegas (o medievo, o rexurdimento do s. XIX e os primeiros anos do s. XX, previos a esa guerra que fracturou a fábula e levou por diante ríos de vida). Tamén os que sufriron o exilio dende onde seguiron a facer país, ou os que foron encarcerados ou mesmo asasinados por defenderen unha identidade de seu; pero as súas bravas actividades non eran coñecidas por este pobo descalzo de información.

Para a infancia rural, o galego era a nosa lingua; non obstante, ao chegar á escola vímonos privados de súpeto daquelas palabras doces que teceran na nosa memoria virxe un ronsel de azucre. As verbas da casa convertíanse así nunha sorte de feitizo ruín que habíamos rexeitar. Canto antes conseguíssemos esquecermonos do galego, antes loarían a nosa sabedoría: “¡Qué lista y qué bien te habla esta niña!”, dirían polo simple feito de nos expresar en castelán. E, claro, todos queríamos ser “listos”.



Os maiores seguían a relacionarse entre eles en galego pero falábanlle á súa prole en castelán, o mesmo que cando se dirixían ao médico, a un avogado ou a calquera outra persoa de alta consideración social. Ata para relatar calquera sucedido cambiaban coa maior naturalidade do mundo de rexistro, segundo quen fose o falante ou o interlocutor ao que se referisen: “E vai o cura e dixo: Esto no ha debido usted hacerlo, señorita”. A literatura popular recolle esta estraña mestizaxe:

Pan de millo, pan de **Dios**,  
**De una miga se hacen dos.**  
Pan de millo, pan do **diablo**,  
Cada cacho por seu lado.

O galego foi quedándonos tan lonxe que quixemos esquecelo. Aprendemos o castelán, non para enriquecérmolos con outra lingua á que tamén habiamos considerado nosa dentro dunha unidade diversa, senón coa dirixida intención de que prescindísemos da galega, de desprezala ata nos avergonzar de todo o que tivese relación directa con nós mesmos. Que non se nos notase nin o “acento” cando iamos fóra.

Chegamos a pensar que a lingua galega non era apta para ser escrita.

Miña nai, que pasa dos oitenta anos, aprendeu a ler e a escribir en castelán pero, curiosamente, nunca sentiu desexos de utilizar a escrita ata hai uns anos e faino nun galego tan cheo de erros ortográficos coma de palabras auténticas e versos sentidos, desvelándonos, así, feitos que nunca antes relatara. Resulta mesmo doloroso analizar polo miúdo esta recuperación serodia da forza da palabra escrita.

Insisto en que estou a referirme tan só a ese pobo forzado á amnesia colectiva, que non sabía nin o que reivindicar. Ese que vivín en directo: sen faladoiros culturais, sen libros clandestinos, incluso sen Maio do 68, inxenuamente submisos e cegos de liberdades. De pouco nos vale a capacidade se nos matan a curiosidade.

Durante a miña adolescencia escribía as cartas que unha anciá enviaba a Arxentina: ela ditaba en galego e eu, simultaneamente, escribía en castelán. Así e todo, tiña claro que lle escribía dende Lerez, en Pontevedra, que á súa vez estaba en Galicia – aínda que daquela lle chamasen rexión–, que Galicia estaba en España, España estaba dentro dun continente que chamaban Europa... No mapa da escola vía tan doado! Creo que se o fillo da señora Aurora habitase noutro planeta, eu non dubidaría de que, no remite, había de engadir “Planeta Terra”. Son os sucesivos gobernantes quen o



complican. E foi sobre todo grazas a este pobo, aos falantes, que o galego continuou vivo malia os 400 anos de feridas silenciosas.

Os nenos e nenas do medio urbano tiñan como lingua nai a de Castela; estes foran aprendidos a desprezar aqueloutra fala dos aldeáns –e sigo a me referir ao pobo de a pé, non a fillos directos da resistencia.

Nos dous casos, o pobo foi vítima. Mesmo resulta paradoxal que, asemade que no rural andabamos a renegar da lingua, a xuventude urbana, universitaria en Compostela, comezase a empregala por primeira vez: “En principio facíámolo coma un signo de rebeldía, sen verdadeira conciencia de nada”, dicíame unha amiga. Foi o saber, logo, de nós o que nos levou, xuntas, á posterior toma de conciencia de que somos un pobo cunha identidade de noso.

A literatura na escola limitábase á lectura e memorización de certas pasaxes bíblicas. Na casa, aos contos que botaban pola radio –en castelán– ou a aquelas historias de leñadores, de lobos, de raposos... pertencentes a esa literatura anónima e oral que nos segue habitando no máis íntimo.

Se a literatura popular é a orixe de todas as literaturas, os pobos culturalmente oprimidos estamos especialmente construídos por ela. A natureza tamén foi, en parte, a nosa escola do fantástico: sabíamos que se queríamos sentir cóxegas agradables na lingua, abundaba con enfiar varios amorodos silvestres nunha palla e metelos todos xuntos na boca.

Nas escasas narracións en galego dos anos sesenta os nenos seguían a ser inquedados, as nenas medorentas e o ambiente rural (só a rapazada da aldea entendía a lingua).

O Día das Letras Galegas que comezou a conmemorarse no 1963, non chegaba ao pobo.

Empecei polo idioma porque creo que o futuro da literatura, en boa medida, depende do futuro da lingua, aínda que ás veces sexa reversible: moitos galegos foron familiarizándose coa lectura en galego ao través da LIX que consumían os seus fillos, de aí que se lle atribúa un poder normalizador.

A grandes alancadas, os primeiros datos concretos sobre as orixes da LIX galega remóntanse ao 1897, cando Amador Montenegro Saavedra quere introducir fábulas en galego no sistema educativo e publica *Fábulas galaico-castellanas*. Moitos mestres



recollían co seu alumnado o que de literatura había na tradición oral (adiviñas, refráns, cantigas, rimas...). Hoxe seguen a ser os ensinantes, mediadores entre a LIX e os lectores, quen están a mitigar a invisibilidade desta literatura.

Tamén se buscaron as orixes na muller, pois, diante dunha emigración masculina moi acusada, ela era quen lidaba cos fillos.

O primeiro concurso que xurdiu en Galicia para premiar esta literatura foi *O Facho* no ano 1968. Carlos Casares gáñao con *A galiña azul*, que xa apunta á transgresión e á diferenza.

Créase no 1969 a 1ª Cátedra de Literatura Galega.

A oferta de LIX foi aumentando timidamente, pero seguía sen haber demanda: a infancia continuaba escolarizada unicamente en castelán.

Foi a raíz da Lei de Educación de 1970 –na que xa se recoñecía a existencia de linguas nativas e a posibilidade do seu cultivo–, xunto coa creación do Instituto da Lingua (1971), a Constitución Española (1978), o Decreto de Bilingüismo (1979) e, sobre todo, a raíz da aprobación do Estatuto de Autonomía (1980) e, como consecuencia, da entrada en vigor da Lei de Normalización Lingüística do 1983, cando o galego entra nas escolas non só como materia de estudo, senón que se imparten en galego varias disciplinas e se consolida “oficialmente” (poño énfase porque unha lingua oprimida durante séculos non se revitaliza dun día para outro).

As incursións na LIX ata entón foran illadas. Se non se escolarizaba en galego, mal podían agromar lectores, nin escritores ( “Eu leo, logo el escribe”, dicía I. Calvino).

A partir desta Lei de Normalización empeza realmente o novo milenio para a LIX Galega. *Memorias dun neno labrego* de Xosé Neira Vilas foi adoptado por un público que aínda non estaba afeito a ler en galego nin tiña moito onde escoller.

É nos anos oitenta cando se fragua o éxito actual:

Nacen asociacións interesadas en preservar e difundir o galego, ponse en marcha a RTV galega (1985), campañas de promoción da lectura, aumentan as revistas. Nalgunhas de ámbito estatal como *CLIJ* (1988) aparecen panorámicas da LIX galega, comentarios críticos...

As protagonistas femininas adquiren outra dimensión: son intelixentes, aventureiras, teñen iniciativas... Posúen unha liberdade que non tiveran ata daquela (como consecuencia lóxica dos cambios sociais). O narrador xa non é sempre



omnisciente. Emerxen novas editoriais, novos premios, coleccións dirixidas a diferentes idades...

No 1986 concédennlle o Premio Nacional a Paco Martín por *Das cousas de Ramón Lamote*. Esa data, 1986, marca un fito na recente historia da LIX galega.

A LIX galega comezou a relacionarse co resto do mundo dunha maneira organizada e ininterrompida a partir de 1989, coa creación de GÁLIX (Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil).

Na década dos noventa xurdiu unha grande eclosión de títulos, de autores e autoras, coleccións... Entra de forma masiva no ensino, aumentan as editoriais que se interesan por publicar en galego, afiázanse autores e autoras que comezaran a publicar nos oitenta: M<sup>a</sup> Victoria Moreno, Agustín Fernández Paz, Xabier P. Docampo, Antonio García Teijeiro, Miguel Vázquez Freire, Xoán Babarro, Ana M<sup>a</sup> Fernández, Antón Cortizas, Marilar Aleixandre, Gloria Sánchez, Xosé A. Neira Cruz...

A LIX galega está presente nas feiras estatais e internacionais.

Dende aquela as publicacións e os recoñecementos foron ininterrompidos.

Hoxe, como nas literaturas consolidadas, dámos en dicir que hai tanta obra que non dá tempo a que os libros respiren.

O perfil do lector cambiou; sabemos que os nenos non son territorios virxes e son quen de percibir a inxustiza, que poden entender que as boas accións non sempre teñen recompensa: só son máis novos, non menos intelixentes. As personaxes xa non son modélicas, pero son máis vigorosas e emancipadas, máis complexas. E dentro da avalancha de novidades, de que xa van alá varias xeracións que aprenderon a ler e escribir en galego e que conviven co audiovisual, existen libros aos que se lles ve ganas de quedaren.

Os novos autores e autoras que agora comezan a súa andaina, xa aprenderon a ler e a escribir en galego, teñen referentes polos que se orientar para avanzar...

Non oculto as sombras que axexan, pero son sombras extraliterarias que teñen máis que ver coa normalización real da lingua que coa calidade literaria.

Así como unha ostra é quen de envolver de nácara un agravio e crear unha perla, así a literatura galega vai pasando das feridas á vitalidade. Temos un digno abano autóctono de creadores e creadoras para lectores e lectoras cada vez menos homoxéneos, xentes que se mergullan de cheo no campo da investigación, unha historia



da LIX propia situada no tempo e no espazo, teses de doutoramento, recoñecementos dentro e fóra de Galicia que a fortalecen, e un amplo mercado editorial que a avala e nos permite dialogar con outras literaturas en pé de igualdade.

NON ao racismo, tamén nas linguas.

